

ENTROIDO 2017

CONCURSO DE MECOS

BASES

- 1º) O concello de Nogueira de Ramuín convoca un concurso de elaboración de Mecos, dentro da programación dos festexos do Entroido.
- 2º) A este concurso poderán presentarse tódol@s veciñ@s do concello de Nogueira de Ramuín que o desexen, tanto a nivel particular como colectivo (Asociacións Culturais, Asociacións Veciñais, etc.).
- 3º) Os concursantes deberán inscribir ao seu Meco ou Mecos no Departamento de Cultura do Concello, informando á organización do lugar de colocación dos mesmos para a súa valoración por parte do persoal designado a tal fin.
- 4º) O Meco ou Mecos deberán estar expostos en espazos abertos ao público, a partir do día 20 de Febreiro ata o día 1 de Marzo.
- 5º) O xurado poderá declarar deserta algunha das categorías por falta de participación ou por non acadar un mínimo de calidade esixido.
- 6º) A organización nomeará un xurado que será o encargado de adxudicar os premios establecidos, sendo a súa decisión inapelábel.
- 7º) Nesta edición quedan estipulados tres premios, dunha contía de 50€ cada un, para as seguintes categorías: Meco máis Enxebre, Meco máis Elaborado e Meco máis Orixinal.
- 8º) O día 1 de Marzo, Mércores de Cinza, terá lugar na Aira de Luintra a entrega dos premios e procederase a Queima dos Mecos como despedida do Entroido (20:00 h.)
- 9º) A participación no concurso de Mecos implica a aceptación destas bases.

